

# MINISTERIO DE ECONOMÍA

## 15221 REAL DECRETO 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores. («BOE» 186, do 4-8-2001.)

O artigo 77 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, na redacción dada pola Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da mencionada lei, regula a nova figura do fondo de garantía de investimentos, incorporando ó ordenamento xurídico español a Directiva 97/9/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de marzo, relativa ós sistemas de indemnización dos investidores.

Ó mesmo tempo, a Lei 37/1998, na súa disposición adicional décimo terceira, introduce as modificacións pertinentes no Real decreto lei 18/1982, do 24 setembro, relativo ós fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito, co fin de que tales fondos poidan tamén presta-la garantía ós investidores en relación cos servizos de investimento que reciban das entidades de crédito, xa que estas poden realizar tal actividade desde o inicio do ano 2000.

O obxecto do presente real decreto é desenvolver regulamentariamente os mencionados preceptos, ó amparo da habilitación legal que neles mesmos se contén.

No marco das previsións legais, optouse por crear un fondo de garantía de investimentos de carácter obrigatorio e preve-la posibilidade de que as sociedades e axencias de valores membros dunha bolsa de valores creen outro fondo de carácter voluntario.

Ante a variedade de fondos previstos, adoptouse a terminoloxía xenérica de sistemas de indemnización dos investidores, que ten por común finalidade ofrecer ós investidores unha cobertura cando non poidan obter dunha empresa de investimento ou dunha entidade de crédito o reembolso das cantidades de diñeiro ou a restitución dos valores ou instrumentos financeiros que lles pertencen e que aquelas tivesen en depósito con motivo da realización de servizos de investimento.

No capítulo I regúlanse os fondos de garantía de investimentos, que se constituirán como patrimonios separados, sen personalidade xurídica, e a representación e xestión dos cales se encomendará a unha sociedade xestora.

Determinanse os tipos de empresas de servizos de investimento que han de adherirse a cada fondo, que non inclúen as sociedades xestoras de carteiras, atendendo ás limitacións operativas ás que están suxeitas. Tamén se establecen as condicións para a adhesión de sucursais de empresas de investimento estranxeiras, segundo pertencen ou non ó ámbito da Unión Europea.

A cobertura dos fondos esténdese ó diñeiro e ós valores que os clientes lles tivesen confiado ás empresas para realizar servizos de investimento, pero non alcanzará ás perdas de valor do investimento ou a calquera risco de crédito.

O desencadeante para poder esixir-la cobertura é que a empresa de servizos de investimento sexa declarada insolvente, xa sexa por vía xudicial, nos supostos de suspensión de pagos e de quebra, ou por vía administrativa, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Como o obxectivo dos fondos é, principalmente, o de protexer-lo investidor non profesional, exclúense da cobertura o diñeiro ou os valores que procedan de investidores que se consideran profesionalmente cualificados, como o son todo tipo de entidades financeiras. Tamén se determinan o importe garantido e o límite cuantitativo

da indemnización, que, de conformidade coa normativa comunitaria, se fixa en 20.000 euros.

Cabe destacar que os fondos se nutrirán, exclusivamente, con achegas das entidades adheridas, que se fixarán en función do número de clientes e dos capitais depositados ou rexistrados, aínda que se lles permite a posibilidade de concertar préstamos.

Establécese tamén o réxime das sociedades xestoras dos fondos de garantía de investimentos, as cales se constituirán como sociedades anónimas, o capital das cales será subscrito polas entidades adheridas a cada fondo, conforme os mesmos criterios ós que se axustan as achegas ó devandito fondo.

A supervisión destas sociedades xestoras encoméndaselle á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

O capítulo II contén a regulación da cobertura por servizos de investimento que han de presta-las entidades de crédito.

Para iso, introdúcense modificacións no Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito, co mesmo contido dos preceptos do capítulo I, salvo as diferencias que derivan da propia estrutura de cada tipo de fondos e da súa específica regulación.

Este real decreto foi sometido a informe do Comité Consultivo da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2001,

### DISPONGO:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente real decreto ten por obxecto regula-los sistemas de indemnización dos investidores, tanto de empresas de servizos de investimento como de entidades de crédito, en virtude do establecido no artigo 77 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores (en adiante, Lei do mercado de valores) e nos artigos 2ter, 3 e 5 do Real decreto lei 18/1982, do 24 de setembro, relativo ós fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito, segundo a redacción dos mencionados preceptos contemplada na Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei do mercado de valores.

2. Estes sistemas de indemnización terán como finalidade ofrecer ós investidores unha cobertura cando non poidan obter dunha empresa de investimento ou dunha entidade de crédito o reembolso das cantidades de diñeiro ou a restitución dos valores ou instrumentos financeiros que lles pertencen e que aquelas tivesen en depósito con motivo da realización de servizos de investimento ou da actividade complementaria de depósito e rexistro de valores ou instrumentos financeiros nos termos e cos límites establecidos no presente real decreto.

3. Para dar cumprimento ás previsións dos números anteriores, establécese dous sistemas de indemnización dos investidores:

a) Un que se instrumenta, mediante un ou dous fondos de garantía de investimentos, de nova creación, para as sociedades e axencias de valores, así como para as sucursais en España de empresas de servizos de investimento estranxeiras.

b) Outro que se instrumenta mediante os fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito xa existentes.

## CAPÍTULO I

## Os fondos de garantía de investimentos

## SECCIÓN 1.ª RÉXIME

Artigo 2. *Creación dos fondos, número, natureza xurídica e xestión.*

1. As sociedades e axencias de valores crearán e adheriránse obrigatoriamente a un fondo de garantía de investimentos nos termos previstos neste real decreto. Este fondo agrupará tamén ás sucursais de empresas de servizos de investimento, autorizadas ou non noutros estados membros da Unión Europea, que decidan ou deban adherirse a un fondo de garantía de investimentos español.

2. Unha vez creado o fondo previsto no número anterior, as sociedades e axencias de valores membros dunha bolsa de valores, cando así o acorden e se adhira un número suficiente de entre elas, poderán crear un segundo fondo de garantía de investimentos que as agrupe. De crearse este segundo fondo, as sociedades e axencias de valores membros dunha bolsa de valores poderán optar por un ou outro.

3. As sociedades e axencias de valores adheridas, se é o caso, a cada un dos fondos de garantía de investimentos previstos nos dous números anteriores están obrigadas a cumprir co réxime económico regulado no artigo 8 deste real decreto, de forma que o fondo de garantía correspondente poida cumprir coas obrigas fronte ós investidores impostas nesta norma.

4. Cada fondo constituirase como un patrimonio separado, sen personalidade xurídica, e a súa representación e xestión encomendaráselle a unha sociedade xestora, nos termos previstos neste real decreto.

Artigo 3. *Entidades adheridas.*

1. Serán entidades adheridas ós fondos de garantía de investimentos as empresas de servizos de investimento contempladas no artigo 64.1 da Lei do mercado de valores, con excepción das sociedades xestoras de carteras.

2. Poderán optar, se o deciden, a ser entidades adheridas ó fondo de garantía de investimentos para non membros das bolsas de valores as sucursais de empresas de servizos de investimento autorizadas por outro estado da Unión Europea que non limiten a súa actividade á xestión discrecional e individualizada de carteras, co fin de completa-la cobertura ofrecida polo sistema do devandito estado.

Neste caso, a sociedade xestora do fondo e os responsables do sistema de garantía do estado de orixe da sucursal acordarán, cando sexa necesario, os termos de colaboración entre ambos, para lle asegurar ó investidor a mesma cobertura que ofrece o fondo, de conformidade co criterio de que o fondo cubrirá, en todo caso, a diferenza que quedase sen cubrir polo sistema do estado de orixe ata o límite garantido polo fondo. A sociedade xestora do fondo informará á Comisión Nacional do Mercado de Valores (en adiante, CNMV) dos acordos acadados.

3. As sucursais de empresas de servizos de investimento con sede social nun estado non pertencente á Unión Europea, autorizadas para operar en España, deberán acredita-la súa pertenza a un fondo similar no seu país de orixe que proporcione unha protección análoga á ofrecida polo fondo regulado por este real decreto. Do contrario, estarán obrigadas a estar adheridas ó fondo de garantía. Neste suposto, estableceranse acordos de colaboración nos mesmos termos previstos no número 2 anterior.

Artigo 4. *Ámbito territorial e cobertura garantida.*

1. A cobertura contemplada neste real decreto será de aplicación ás actividades que a continuación se relacionan, realizadas polas empresas de servizos de investimento adheridas a algún dos fondos previstos nesta norma:

a) Os servizos previstos no número 1 do artigo 63 da Lei do mercado de valores, prestados na Unión Europea pola empresa de servizos de investimento cando dean lugar a que esta teña en depósito diñeiro ou valores e instrumentos financeiros que pertencen ós seus clientes.

b) A actividade complementaria prevista no parágrafo a) do número 2 do mencionado artigo 63, cando o depósito e rexistro dos valores ou instrumentos pertencen ós clientes sexa prestado pola empresa de servizos de investimento en territorio da Unión Europea.

c) Os servizos e actividades complementarias mencionados nos parágrafos a) e b) anteriores realizados fóra do territorio da UE, con excepción dos realizados en territorios definidos como paraísos fiscais pola lexislación vixente ou nun país ou territorio que careza de órgano supervisor dos mercados de valores, ou cando, aínda existindo, se negue a intercambiar información coa CNMV.

Os países ou territorios que se encontran neste último suposto serán especificados polo ministro de Economía, por proposta da CNMV.

Non gozarán de garantía os valores e instrumentos financeiros confiados a sucursais de entidades españolas localizadas en países non comunitarios que dispoñan de sistemas nacionais de indemnización dos investidores equivalentes ós españois.

Dentro dos valores garantidos incluíranse, en todo caso, os que fosen obxecto de cesión temporal e sigan anotados ou rexistrados na entidade cedente.

2. O fondo cubrirá a non restitución por parte das súas entidades adheridas, como consecuencia dunha situación de insolvencia das previstas no artigo 5, do diñeiro ou dos valores ou instrumentos financeiros vinculados ás actividades mencionadas no número precedente, que pertencen ós seus clientes.

3. A cobertura do fondo non alcanzará ás perdas do valor do investimento ou calquera risco de crédito.

4. Quedan excluídos da garantía do fondo o diñeiro e os valores e instrumentos confiados polos seguintes investidores:

a) As empresas de servizos de investimento.  
b) Os constituídos por empresas pertencentes ó mesmo grupo económico que a empresa de servizos de investimento.

c) As entidades de crédito.  
d) As entidades aseguradoras.

e) As institucións de investimento colectivo e as súas correspondentes sociedades xestoras.

f) Os fondos de pensións e as súas correspondentes sociedades xestoras.

g) As entidades de capital-risco e as súas sociedades xestoras.

h) As entidades, calquera que sexa a súa denominación ou estatuto, que, de acordo coa normativa que lles resulte aplicable, exerzan as actividades típicas das anteriores.

i) As administracións públicas.  
j) Os directivos e administradores da empresa de servizos de investimento, os seus apoderados, os socios posuidores de ó menos o 5 por 100 do capital social e o auditor responsable dos informes de auditoría, así como aqueles investidores que teñan estas mesmas características nas sociedades pertencentes ó grupo da

empresa de servicios de investimento e os cónxuxes e familiares en primeiro grao duns e outros.

k) Aqueles investidores non recollidos nas letras anteriores que sexan responsables directa ou indirectamente da situación de deterioración patrimonial da entidade adherida ou sexan beneficiarios directos de actos da empresa de servicios de investimento que provocasen a dita deterioración ou contribuísen a agravalala. Estas circunstancias deberán ser declaradas expresamente pola CNMV cando se trate do previsto no número 1.b) do artigo 5 do presente real decreto e pola autoridade xudicial competente nos restantes casos.

l) Os investidores ou calquera outra persona con dereito ou interese sobre o diñeiro, valores ou instrumentos financeiros obxecto de cobertura que confiasen fondos ou valores á empresa de servicios de investimento con quebrantamento, pola súa parte ou por parte da empresa de servicios de investimento, do establecido na Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais ou que teñan relación cunha actuación delictiva que contraveña o ordenamento xurídico vixente.

m) Aquelas persoas que actúen por conta de calquera dos investidores excluídos en virtude deste número ou en concerto cos mencionados nas alíneas k) e l).

5. Nos supostos recollidos nas alíneas k), l) e m), a sociedade xestora poderá suspende-lo pago dos importes garantidos ós investidores, ata que se produza unha resolución definitiva por parte da autoridade competente, xudicial ou administrativa, en atención a cada suposto.

#### Artigo 5. *Declaración de incumprimento e dereitos dos investidores.*

1. Os investidores que non poidan obter directamente dunha entidade adherida ó fondo o reembolso das cantidades de diñeiro ou a restitución dos valores ou instrumentos que lles pertencen poderán solicitar á sociedade xestora do mesmo a execución da garantía que presta o fondo, cando se produza calquera das seguintes circunstancias:

a) Que a empresa de servicios de investimento fose declarada en estado de quebra, ou se teña xudicialmente por solicitada a declaración de suspensión de pagos da entidade, e esas situacións comporten a suspensión da restitución do diñeiro ou dos valores ou instrumentos financeiros; non obstante, non procederá o pagamento deses importes se, dentro do prazo previsto para inicialo seu desembolso, se levantase a suspensión mencionada.

b) Que a CNMV declare que a empresa de servicios de investimento non pode, á vista dos feitos dos que tivo coñecemento a propia Comisión e por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira, cumprilas obrigas contraídas cos investidores. Para que a CNMV poida realizar esta declaración será necesario que se produzan as seguintes circunstancias:

1.<sup>a</sup> Que o investidor lle solicitase á entidade adherida a devolución dos fondos ou valores que lle confiou e non obtivese satisfacción nun prazo máximo de vinte e un días hábiles por parte daquela.

2.<sup>a</sup> Que a entidade adherida non se encontre nunha das situacións previstas na alínea a) deste artigo.

3.<sup>a</sup> Que se dea previa audiencia á entidade adherida, de conformidade co disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando a afectada fose unha sucursal dunha empresa de investimento con sede social noutro estado da Unión

Europea, a declaración de incumprimento adoptárase coa colaboración da autoridade competente do devandito estado.

2. Unha vez producida algunha das declaracións a que se refire o número anterior, os investidores terán dereito a reclamar do fondo, co límite cuantitativo establecido no artigo 6, o reembolso dos recursos de diñeiro e a devolución do valor en diñeiro de todo valor ou instrumento financeiro que teñan depositado ou rexistrado na empresa de servicios de investimento, cando estes activos estean vinculados a servicios ou actividades dos comprendidos no ámbito definido no artigo 4 deste real decreto.

#### Artigo 6. *Importe garantido e límite cuantitativo da indemnización.*

1. Os fondos garantirán que todo investidor perciba o valor monetario da súa posición acreedora global fronte á devandita empresa, co límite cuantitativo de 20.000 euros.

A expresada cantidade poderá ser actualizada polo ministro de Economía logo de informe da CNMV, de conformidade coa normativa vixente da Unión Europea.

2. A determinación da posición do investidor farase contabilizando tódalas contas ou posicións abertas ó seu nome nunha empresa de servicios de investimento, tendo en conta o signo dos seus saldos, calquera que fose a moeda de denominación, ata establece-la súa posición acreedora global fronte á dita empresa.

O cálculo desta posición realizarase tomando a contía dos recursos en diñeiro e o valor de mercado dos valores ou instrumentos que lle pertencen na data das declaracións previstas no artigo 5.1. No caso de que os valores ou instrumentos financeiros non se negocien nun mercado secundario español ou estranxeiro, para determinar esa posición, unha vez que se producise unha declaración de incumprimento das previstas no anterior artigo 5 e unicamente para este proceso, o seu valor calcularase atendendo ós seguintes criterios:

a) Valores de renda variable: valor teórico calculado sobre o último balance auditado á entidade emisora; no caso de que non exista balance auditado, ou este conteña observacións con axustes que poidan determinar un valor teórico menor do que resulte das contas, o valor de mercado determinarase pericialmente.

b) Valores de renda fixa: valor nominal máis o cupón corrido cando o tipo de xuro sexa explícito, ou valor de reembolso actualizado ó tipo implícito de emisión cando se trate de valores tipo cupón cero ou emitidos ó desconto.

c) Instrumentos financeiros: valor estimado de mercado calculado conforme os procedementos de valoración xeralmente aceptados respecto ó instrumento de que se trate.

d) Nos casos de valores ou instrumentos emitidos por empresas que se encontren en suspensión de pagos ou quebra, o valor a restituír determinarase pericialmente, podendo pospo-la súa determinación ata a conclusión do procedemento concursal correspondente.

3. O importe garantido aplicarase por investidor, sexa persoa natural ou xurídica, e calquera que sexa o número e clase de contas de diñeiro, valores ou instrumentos financeiros, en que figure como titular na mesma empresa de servicios de investimento.

4. Cando unha conta teña máis dun titular, o seu importe dividirase entre os titulares, de acordo co previsto no correspondente contrato de prestación de servicios, depósito ou rexistro celebrado coa empresa de servicios de investimento e, no seu defecto, a partes iguais.

5. Cando os titulares dunha conta actúen como representantes ou axentes de terceiros, sempre que esta condición existise no momento da súa apertura e formalización coas empresas de servizos de investimento e este tivese lugar antes de se producir algunha das circunstancias descritas no artigo 5, a cobertura do fondo aplicarase ós beneficiarios daquela, xa sexa de efectivo, valores ou instrumentos financeiros, na parte que lles corresponda.

#### Artigo 7. *Subrogación do fondo.*

Polo mero feito do pago das cantidades garantidas, o fondo subrogarase nos dereitos que os investidores ostenten fronte á empresa de servizos de investimento, ata un importe igual á cantidade que lles fose aboada como indemnización, sendo suficiente título o documento en que conste o pago.

No suposto de que os valores ou outros instrumentos financeiros confiados á empresa de servizos de investimento fosen restituídos por aquela con posterioridade ó pago dun importe garantido, os fondos poderán resarcirse do importe satisfeito, total ou parcialmente, se o restituído, valorado conforme o establecido no artigo anterior no momento da restitución, fose maior que a diferenza entre o valor dos que foron confiados á entidade, valorados no momento en que se produciron os feitos citados no artigo 5.1, e o importe da indemnización pagada ó investidor. Cando o valor do restituído fose superior ó dos valores e instrumentos, calculado na data citada no artigo 5.1, o exceso distribuirase entre o fondo e o investidor a prorrata dos seus respectivos créditos.

A restitución realizarase ó fondo correspondente, que lle entregará ó investidor as cantidades que correspondan de acordo co previsto no parágrafo precedente, estando facultado o devandito fondo, para tal fin, para allea-los valores na contía que resulte procedente.

Cando se trate de valores negociables cotizados en mercados secundarios de valores oficiais, o alleamento deberá facerse conforme as normas dos devanditos mercados.

Cando se trate de valores non negociables, o alleamento deberá facerse con intervención de persoa autorizada para dar fe pública ou a través dun intermediario financeiro autorizado para iso.

#### Artigo 8. *Réxime económico.*

1. As entidades adheridas ós fondos de garantía de investimentos deberán realizar unha achega anual ó fondo ó que estean adheridas equivalente ó 2 por 1.000 do diñeiro, máis o 0,1 por 1.000 do valor dos valores e instrumentos financeiros nelas depositados ou rexistrados polos investidores.

2. Cando o patrimonio dun fondo alcance unha contía suficiente para o cumprimento dos seus fins, o ministro de Economía, por proposta da CNMV, poderá acorda-la diminución das achegas mencionadas no número 1 deste artigo. En todo caso, esas achegas suspenderanse cando o patrimonio non comprometido en operacións propias do obxecto dos fondos iguale ou supere o 1 por 1000 do valor do diñeiro e dos valores e instrumentos financeiros pertencentes ós investidores depositados ou rexistrados nas empresas de servizos de investimento adscritas a eles.

3. Cando a sociedade xestora dun fondo prevexa que os recursos patrimoniais e financiamentos dispoñibles por este no curso dun exercicio sexan insuficientes para o cumprimento das súas funcións ou obrigas, requiriralles ás entidades adheridas a aquel a realización das derramas necesarias para repara-lo correspondente desequilibrio financeiro ou patrimonial. Estas derramas

distribuiranse entre as entidades de acordo cos criterios previstos nos números 5 e 6 deste artigo e deberán efectuarse na data que estableza a sociedade xestora, logo de posta en coñecemento da CNMV.

4. As achegas anuais das empresas de servizos de investimento adheridas ós fondos irán destinadas a cubri-las necesidades derivadas das funcións atribuídas a estes e calcularanse e materializaranse a partir da data de peche de cada exercicio en polo menos dous desembolsos, nas porcentaxes que fixe a sociedade xestora correspondente á vista das necesidades do fondo. As achegas realizaranse sempre en efectivo e non serán obxecto de devolución ás entidades achegantes, salvo o previsto no artigo 10 do presente real decreto.

5. Para cada fondo, a súa sociedade xestora elaborará un orzamento anual, que coincidirá co ano natural, o cal incluírá o importe da comisión de xestión en favor da sociedade xestora, o importe provisional da achega anual que será requirido das entidades adheridas e, se é o caso, os posibles financiamentos con entidades financeiras. Este orzamento deberá incorporar-lo detalle explicativo da achega anual provisional esixible a cada entidade adherida, para o cal a sociedade xestora distribuirá a achega conxunta anual resultante ó fondo entre as empresas adheridas a el aplicando os seguintes criterios:

- a) Un primeiro tramo en función do número de clientes das entidades adheridas cubertos pola garantía.
- b) Un segundo tramo en función do importe do diñeiro, valores e instrumentos depositados ou rexistrados polas entidades adheridas e cuberto pola garantía.

A ponderación de cada un destes tramos será fixada pola sociedade xestora en cada orzamento anual, se ben o primeiro deles non poderá representar menos dun 50 por 100 na distribución a cada entidade adherida da achega conxunta anual.

Xunto ó citado detalle explicativo da distribución individual por entidades adheridas da achega conxunta anual, o orzamento anual deberá incluír unha descrición do método de cálculo do importe previsto como achega inicial mínima a aplicar ás empresas de servizos de investimento residentes de nova creación ou, se é o caso, ás novas sucursais de empresas estranxeiras, que poidan incorporarse ó fondo no curso do ano.

6. A sociedade xestora de cada fondo determinará a base para o cálculo do importe provisional da achega conxunta anual das entidades adheridas a cada fondo a partir das informacións que, seguindo as instrucións que ela estableza ó respecto, lle sexan subministradas polas sociedades e axencias de valores adheridas ó correspondente fondo sobre o valor das contas ou posicións de diñeiro, valores e instrumentos financeiros pertencentes ós investidores, que estivesen depositados ou rexistrados no exercicio anterior ó do ano ó que se refira o orzamento anual, de acordo co seguinte procedemento:

a) Para as contas ou posicións de diñeiro dos investidores, tomarase como valor efectivo base a súa media mensual en balance a fin de mes.

b) Para os valores e instrumentos financeiros, tomarase como valor efectivo base, a criterio da sociedade xestora, ben o valor de cotización do último día de negociación do ano, ben o valor medio de cotización do último trimestre do ano, no mercado secundario correspondente, daquelas contas ou posicións de valores ou instrumentos financeiros dos investidores existentes ó final do exercicio. Cando entre estas últimas figuren valores e instrumentos financeiros non negociados nun mercado secundario, español ou estranxeiro, a súa base de cálculo virá dada polo seu valor nominal ou polo de reembolso, o que resulte máis propio do tipo de valor ou instrumento financeiro de que se trate, salvo que se declarase ou

conste outro valor máis significativo para efectos do seu depósito ou rexistro.

Cando no cálculo a que se refire o parágrafo anterior o valor efectivo base de valores e instrumentos financeiros dalgunha das entidades adheridas, que no seu programa de actividades inclúe o depósito ou rexistro de valores e instrumentos financeiros, fose cero ou inferior ó valor máximo do primeiro cuartil da serie de valores efectivos base de valores e instrumentos financeiros maiores que cero do conxunto das entidades adheridas ó fondo, a sociedade xestora atribuirá ás entidades nas que se produza tal circunstancia un valor efectivo base mínimo positivo tomando como referencia o valor máximo do dito cuartil.

Co obxecto de dispor da información necesaria para a elaboración do orzamento anual e para os cálculos das achegas das entidades adheridas e demais informacións contidas no citado orzamento, a sociedade xestora recollerá cantos datos precise das entidades adheridas ó fondo correspondente.

7. A aprobación do orzamento anual co cálculo provisional da achega conxunta anual, a súa distribución entre entidades e o resto de informacións que ha de incorporar deberá realizarse por parte da sociedade xestora correspondente antes do 1 de maio de cada ano e o primeiro desembolso da achega anual por parte das entidades adheridas terá lugar antes do 31 de maio sobre a base dos cálculos provisionais. O segundo desembolso deberá facerse non máis tarde do 1 de setembro, tralos axustes que fosen necesarios como consecuencia do cálculo final da achega conxunta anual, unha vez considerada a información definitiva e a auditada do último exercicio pechado, así como tamén, se é o caso, dos axustes que sexan necesarios derivados de novas incorporacións de empresas ocorridas no ínterim.

8. Unha vez aprobado o orzamento anual pola sociedade xestora, esta deberá remitilo á CNMV para a súa aprobación nos trinta días naturais seguintes á súa recepción.

9. O patrimonio non comprometido dos fondos deberá estar materializado en débeda pública ou noutros activos de elevada liquidez e baixo risco.

10. Cando se trate de sucursais de empresas de servizos de investimento con sede social noutro estado, a CNMV consultará coa autoridade competente do estado de orixe da sucursal antes de determinala contía da súa achega. En todo caso, a CNMV terá en consideración o nivel de cobertura que ofrezca o sistema de garantía do devandito estado.

#### Artigo 9. *Réxime de adhesión.*

1. As sociedades e axencias de valores terán a obriga de adherirse a algún dos fondos de garantía previstos no artigo 2, con ocasión do procedemento de autorización. Non obstante, aquelas entidades adheridas que adquiren a condición de membros dunha bolsa de valores, unha vez adquirido o seu novo estatus poderán optar na súa adhesión por calquera dos dous fondos que, se é o caso, estean creados.

2. As sucursais de empresas de servizos de investimento situadas ou non na Unión Europea, con ocasión do seu establecemento en España, porán en coñecemento da CNMV o seu réxime de adhesión, conforme o previsto no artigo 3 do presente real decreto.

#### Artigo 10. *Achegas de novas entidades adheridas.*

1. As sociedades e axencias de valores adheridas a un dos fondos previstos neste real decreto que decidan cambiar ou que deban cambiar de fondo, porque pasen

a ser ou deixen de ser membros dunha bolsa de valores, realizarán a súa achega inicial ó fondo ó que deban adherirse con motivo do devandito cambio, conforme os criterios previstos no artigo 8 anterior, calculándose provisionalmente a achega a prorrata dos meses que medien entre a data de incorporación ó fondo correspondente e a data de peche do ano de que se trate. Neste proceso, as devanditas sociedades e axencias de valores terán dereito a traspasar ó novo fondo o remanente, de o haber, á data do cambio, das achegas efectuadas ó fondo no que causan baixa. Entenderase por remanente o saldo positivo da suma das achegas anuais e derramas efectuadas desde a data da súa incorporación ó fondo no que causan baixa, unha vez deducidas:

a) A parte que corresponda polas comisións anuais da sociedade xestora devengadas desde a data de incorporación ó fondo.

b) As aplicacións que correspondan polas indemnizacións pagadas desde a data de incorporación, así como as que deban atenderse se antes da data do cambio se producise unha declaración de incumprimento conforme o artigo 5.

c) As aplicacións que correspondan á cobertura de déficit patrimoniais habidos no fondo desde a data de incorporación.

En todo caso a sociedade xestora poderá reter e esixir ás entidades que causen baixa as achegas ou derramas necesarias para cubri-lo déficit patrimonial que, se é o caso, puidese existir no fondo na data da baixa, conforme o previsto no número 3 do artigo 8.

2. Constituídos os fondos de garantía de investimentos, en caso de adhesión dunha nova entidade residente de nova creación ou dunha nova sucursal dunha estranxeira e por tanto sen actividade previa, cada unha destas entidades desembolsará na data da súa incorporación ó fondo o importe establecido como achega mínima inicial no orzamento anual correspondente aprobado pola CNMV.

3. As achegas das novas entidades adheridas realizaranse na data de adhesión.

#### Artigo 11. *Financiamentos.*

As sociedades xestoras poderán concertar, por conta do fondo, préstamos e créditos con entidades financeiras para cumprir coas obrigas fronte ós investidores previstas no artigo 4 deste real decreto. A sociedade xestora informará desta actuación á CNMV.

#### Artigo 12. *Baixa e exclusión do fondo.*

1. Cando unha sociedade ou axencia de valores cause voluntariamente baixa como empresa de servizos de investimento, conforme o procedemento previsto na súa normativa específica, tamén causará baixa no fondo de garantía na data de baixa no rexistro oficial de empresas de servizos de investimento.

2. As empresas de servizos de investimento que non realicen debidamente as súas achegas ó fondo de garantía de investimentos ó que estean adheridas, non contribúan ás derramas ou incumpran as obrigas previstas neste real decreto poderán ser excluídas do fondo unha vez que, requiridas para o efecto, non regularizasen a súa situación no prazo que determine a sociedade xestora, que non poderá ser inferior a un mes. Será competente para acorda-la exclusión a CNMV, logo de informe da sociedade xestora do fondo afectado e audiencia do interesado, de conformidade co disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Cando os incumprimentos a que se refire o número precedente se refiran a unha sucursal dunha empresa de servicios de investimento dun país da Unión Europea, a sociedade xestora do fondo informará á CNMV e á autoridade competente do estado de orixe. A CNMV e, se é o caso, a autoridade competente do outro estado, coa colaboración da sociedade xestora, adoptará as medidas necesarias para que a empresa de servicios de investimento cumpra as súas obrigas, que poderá determina-la suspensión de actividades prevista no artigo 75 da Lei do mercado de valores.

En todo caso, ás entidades adheridas que non realicen as achegas ó fondo nos prazos establecidos, aplicaráselles unha recarga do 20 por 100 sobre o importe da achega, que deberá facer efectivo ó tempo que efectúe a dita achega. Quedarán exceptuadas da citada recarga as entidades que estivesen declaradas en suspensión de pagos.

4. Naqueles casos descritos no número 2 deste artigo a sociedade xestora seguirá o seguinte procedemento:

a) No suposto de que a empresa de servicios de investimento non cumprise as súas obrigas, trala adopción das medidas antes mencionadas, a sociedade xestora comunicarlle que poderá ser excluída do fondo no prazo de doce meses a partir da notificación, dando conta diso inmediatamente á CNMV.

b) A CNMV, recibida a información anterior, propondrá ó ministro de Economía, ó amparo do artigo 75 da Lei do mercado de valores, que suspenda, total ou parcialmente, os efectos da autorización concedida á entidade incumpridora.

c) Se transcorre o dito prazo manténdose o incumprimento, a CNMV adoptará a decisión de excluír do fondo a entidade afectada.

5. A exclusión será causa para que o ministro de Economía, por proposta da CNMV, revogue inmediatamente a autorización que lle fose concedida para exercer a súa actividade, cando a entidade excluída teña a súa sede social en España, logo de expediente con audiencia do interesado.

6. En todo caso, a garantía do fondo continuará en vigor ata que o ministro de Economía revogue a autorización para o exercicio das actividades reservadas ás empresas de servicios de investimento. En tanto permaneza vixente a garantía do fondo, a empresa de servicios de investimento quedará obrigada a realiza-las achegas ordinarias e extraordinarias que correspondan previstas no artigo 8 deste real decreto, sendo igualmente de aplicación, se é o caso, as recargas que correspondesen previstas no número 3 deste artigo.

7. O establecido nos números anteriores será aplicable, en tódolos seus termos, ó suposto de non achega ó capital da sociedade xestora por parte dunha entidade adherida, coa excepción da imposición de recargas.

8. Toda sociedade ou axencia de valores que cause baixa voluntaria ou sexa excluída do correspondente fondo de garantía de investimentos non ten dereito ningún á restitución das achegas anuais e derramas realizadas excepto no suposto previsto no artigo 10. As ditas sociedades ou axencias continuarán obrigadas a realizar derramas que puidesen ser acordadas pola sociedade xestora do fondo con respecto a obrigas de pagamento do fondo orixinadas por declaracións de incumprimento acaecidas con anterioridade á data de baixa ou exclusión do fondo.

9. A retirada da cobertura será comunicada ós investidores a través do «Boletín Oficial del Estado» e de dous xornais de gran circulación.

### Artigo 13. *Prazo para satisfacer los derechos dos inversores.*

1. Os fondos satisfarán en metálico as indemnizacións ós investidores dos que se comprobouse o dereito debidamente dentro dos tres meses seguintes á data da declaración de incumprimento a que se refire o artigo 5 deste real decreto.

Cando as sociedades xestoras dos fondos prevexan que estes non poden efectua-los pagamentos no prazo establecido, poderán solicitar á CNMV a concesión dunha prórroga non superior a tres meses, indicando as razóns da solicitude. A CNMV poderá autorizala cando aprecie que concorren motivos excepcionais que xustifiquen o atraso.

2. Transcorrido o prazo de pago de tres meses, ou, se é o caso, o prazo prorrogado previsto no número anterior, os investidores disporán dun prazo adicional de tres meses para lle reclamar á sociedade xestora, aínda que xa o tivesen feito con anterioridade, a indemnización dos seus dereitos que, conforme a esta norma, consideren que non foron adecuadamente atendidos. Sen prexuízo do transcurso destes prazos, os investidores, sempre que o soliciten motivadamente, poderán presenta-la reclamación anterior nun prazo superior ó previsto no presente artigo.

3. En todo caso, os importes non satisfeitos tralos prazos anteriores quedarán nos fondos á disposición dos seus titulares, sen prexuízo da súa prescrición conforme a dereito.

### Artigo 14. *Información ós inversores.*

1. As entidades adheridas ós fondos non poderán utiliza-la súa pertenza a eles na súa publicidade, se ben poderán incluír unha mención a aquela sen engadir outros datos ou informacións sobre os fondos. De igual modo, terán nas súas oficinas, á disposición do público, información sobre as características do fondo.

Esta información deberá comprender, entre outros, os seguintes extremos:

a) Indicación, se é o caso, das coberturas ofrecidas por sistemas ou fondos estranxeiros.

b) Réxime de cobertura para os supostos de depósito ou rexistro de valores noutras entidades financeiras.

c) Indicación da exclusión dos servicios e actividades realizados nos países e territorios a que se refire o artigo 4.1.c), así como unha relación actualizada dos mesmos.

2. As sociedades xestoras dos fondos inserirán anualmente na súa memoria anual a relación das entidades adheridas. Esta memoria deberá depositarse anualmente na CNMV para a súa consulta pública.

A CNMV, a partir da información que lle remitan as sociedades xestoras, complementará a información contida no Rexistro público de empresas de servicios de investimento previsto no parágrafo f) do artigo 92 da Lei do mercado de valores, cos datos relativos ó fondo ó que se encontren adheridas cada unha das devanditas entidades. Para tal efecto, as sociedades xestoras dos fondos virán obrigadas a informar á CNMV cada vez que se produza unha alta ou unha baixa nos fondos.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DAS SOCIEDADES XESTORAS

### Artigo 15. *Natureza xurídica e composición.*

A sociedade xestora constituirase con forma de sociedade anónima e os seus socios serán as empresas de servicios de investimento adheridas ó fondo nos termos do presente real decreto.

### Artigo 16. *Estatutos sociais.*

Os estatutos sociais da sociedade xestora e as súas modificacións requirirán a previa aprobación da CNMV.

O proxecto de estatutos poderán entenderse como aprobado se, transcorrido o prazo de tres meses desde a súa presentación, non se produciu resolución expresa acerca del.

### Artigo 17. *Capital social.*

O capital social da sociedade xestora será o necesario para asegura-la consecución do seu obxecto social.

As accións do capital social da sociedade xestora serán nominativas.

O capital social da sociedade xestora distribuirase entre as empresas de servizos de investimento adheridas ó fondo, de acordo cos criterios establecidos no número 5 do artigo 8.

### Artigo 18. *Modificacións no capital social.*

1. Durante os dous meses seguintes á aprobación das contas anuais da sociedade xestora procederase a adapta-las participacións no capital de cada unha das entidades adheridas, co fin de dar cabida ás empresas que solicitasen a súa adhesión ó fondo e para facer efectivo tanto o cesamento dos que deixasen de participar no sistema de garantía como as variacións que se producisen nas porcentaxes de participación das entidades adheridas.

2. O axuste efectuarase ampliando ou reducindo o capital na medida necesaria, salvo que se opte pola venda ou compra pola sociedade xestora das súas propias accións. Para estes alleamentos, ampliacións ou reducións de capital abondará co acordo do consello de administración, e non será de aplicación ós mesmos o disposto nos artigos 75 a 79, 158, 164, 165 e 166 da Lei de sociedades anónimas, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de marzo. No suposto de ampliación, o capital deberá desembolsarse dunha soa vez.

Nos supostos de redución de capital e de compra de accións pertencentes ás entidades adheridas, os accionistas ós que sexan restituídas as súas achegas responderán, ata o importe destas e durante os tres anos seguintes, das débedas contraídas pola sociedade xestora con anterioridade á redución ou á compra.

3. O prezo das accións, nos supostos recollidos nos números anteriores, será o valor teórico que resulte do último balance aprobado.

4. A sociedade xestora deberá comunica-lo resultado do proceso á CNMV.

5. As ampliacións ou reducións do capital que acorde a sociedade xestora con distinta finalidade ás contempladas nos anteriores números, estarán suxeitas ó réxime xeral da Lei de sociedades anónimas, respectando os criterios de participación establecidos neste real decreto.

6. Cando a unha empresa de servizos de investimento lle sexa revogada a autorización para exercer-la súa actividade ou decida voluntariamente excluirse do fondo, a sociedade xestora poderán retarda-la devolución que puidese corresponderlle das achegas ó capital efectuadas ata que teña lugar a seguinte adaptación do capital da sociedade xestora, nos termos contemplados no anterior número 1.

### Artigo 19. *Réxime económico.*

1. A sociedade xestora elaborará un orzamento anual, que deberá ser sometido á aprobación da CNMV

antes do 1 de decembro de cada ano. A CNMV condicionará a devandita aprobación á idoneidade do orzamento para o cumprimento dos fins que ten encomendados a sociedade xestora.

2. Se como consecuencia de circunstancias sobrevidas a sociedade xestora presentase perdas que fixesen necesario restablece-lo equilibrio entre o capital e o patrimonio, aplicarase o previsto na Lei de sociedades anónimas.

3. A sociedade xestora deberá somete-las súas contas anuais a informe de auditoría, segundo o establecido no artigo 86 da Lei do mercado de valores.

O informe anual de auditoría será remitido á CNMV, nos termos e prazos que esta estableza.

O ministro de Economía ou, coa súa habilitación expresa, a CNMV, logo de informe do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, poderán establece-los rexistros, as normas contables, os modelos dos estados financeiros da sociedade xestora e a periodicidade coa que deberán remitirse á CNMV.

### Artigo 20. *Funcións.*

Serán funcións das sociedades xestoras as seguintes:

- 1.<sup>a</sup> As de representación e xestión do fondo.
- 2.<sup>a</sup> Administra-lo patrimonio do fondo de acordo cos criterios de rendibilidade, seguridade e liquidez.
- 3.<sup>a</sup> Promove-la información para dar a coñecer ós investidores o alcance e contido do fondo.
- 4.<sup>a</sup> Atender con cargo ó fondo os pagos de indemnizacións de conformidade co previsto na Lei do mercado de valores e neste real decreto.
- 5.<sup>a</sup> Exercitar por conta do fondo os dereitos nos cales este se subrogase.
- 6.<sup>a</sup> Informa-la CNMV do incumprimento das obrigas de achega ó fondo ou ó capital social da sociedade xestora por parte das empresas de servizos de investimento adheridas.
- 7.<sup>a</sup> Adopta-las medidas necesarias para o cumprimento das obrigas de achega ó fondo ou ó capital social da sociedade xestora por parte das empresas de servizos de investimento que deban adherirse ó sistema de garantía.
- 8.<sup>a</sup> Propor, se é o caso, á CNMV a suspensión dunha entidade adherida por incumprimento das súas obrigas para co fondo ou coa sociedade xestora.
- 9.<sup>a</sup> Instar, se é o caso, á CNMV a tramitación da revogación da autorización dunha entidade adherida polo incumprimento das súas obrigas para co fondo ou coa sociedade xestora.

10.<sup>a</sup> Prestar á CNMV tanta asistencia lle solicite no exercicio das súas funcións de supervisión, inspección e sanción.

11.<sup>a</sup> Cargar ó fondo, en concepto de comisión de xestión, os gastos nos que incorrese como consecuencia da súa representación e xestión, e que non sexan directamente repercutibles sobre o mesmo.

### Artigo 21. *Consello de administración e director xeral.*

O nomeamento dos membros do consello de administración e do director xeral esixirá a previa aprobación da CNMV. En todo caso, membros e director deberán cumprir-los requisitos establecidos nos parágrafos f), g) e h) do artigo 67.2 da Lei do mercado de valores.

Integrarase no consello de administración un representante da CNMV, con voz e sen voto, quen velará polo cumprimento das normas reguladoras da actividade do fondo.

O mencionado representante poderalle propor á CNMV que suspenda todo acordo do consello de admi-

nistración que se considere contrario ás devanditas normas e ós fins propios do fondo. A CNMV poderá acorda-la dita suspensión, logo de audiencia da sociedade xestora.

Así mesmo, no consello de administración da xestora dos fondos de garantía de investimentos integrarase, con voz e sen voto, un representante de cada comunidade autónoma con competencias na materia na que exista un mercado secundario oficial, coas funcións de velar polo cumprimento das normas reguladoras da actividade do fondo.

#### Artigo 22. *Supervisión da sociedade xestora.*

A sociedade xestora estará suxeita á supervisión da CNMV, segundo o réxime establecido no título VIII da Lei do mercado de valores.

### CAPÍTULO II

#### **Os fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito e a cobertura do sistema de garantía de investimentos: modificacións do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito**

#### Artigo 23.

Dáselle unha nova redacción ó artigo 1, do obxecto e personalidade xurídica, número 2, do Real decreto 2606/1996, que queda como segue:

«2. Os fondos de garantía de depósitos en establecementos bancarios, caixas de aforro e cooperativas de crédito terán personalidade xurídica, con capacidade para o desenvolvemento dos seus fins, en réxime de dereito privado e sen suxeición ás normas reguladoras dos organismos públicos.

Sen prexuízo da súa personalidade xurídica independente, os fondos poderán establecer de mutuo acordo servizos comúns para o desenvolvemento das súas actividades.»

#### Artigo 24.

O artigo 2, órganos de goberno dos fondos, número 6, do Real decreto 2606/1996, queda redactado como segue:

«6. Para a validez das reunións das comisións xestoras será necesaria a asistencia da metade dos seus membros. Os seus acordos adoptaranse por maioría dos seus membros, gozando o seu presidente de voto de calidade.

Non obstante, requirirase maioría de dous tercios nos casos seguintes:

a) Para acorda-la realización de derramas, conforme o previsto no artigo 3.5.

b) Cando se trate de adoptar medidas contidas nun plan de actuación, conforme o previsto no artigo 10, para o financiamento do cal non se contemple ningunha achega por parte do Banco de España.»

#### Artigo 25.

O artigo 3, patrimonio dos fondos, do Real decreto 2606/1996, queda redactado como segue:

«1. As entidades adscritas ós fondos están obrigadas a cumprir co réxime económico de achegas anuais e derramas regulado nos números 2 e 5 deste artigo, de forma que o fondo de garantía de depósitos correspondente poida cumprir coas

obrigas fronte ós depositantes e investidores impostas nesta norma.

2. As achegas anuais das entidades adscritas ós fondos serán do 2 por 1.000 dos depósitos existentes ó final do exercicio ós que se estende a garantía. Con tal fin, a base de cálculo integrarase cos depósitos garantidos, segundo se definen no artigo 4.1, máis o 5 por 100 do valor de cotización do último día de negociación do ano, no mercado secundario correspondente, dos valores garantidos, segundo o definido no artigo 4.2, existentes ó final do exercicio. Cando entre estes últimos figuren valores e instrumentos financeiros non negociados nun mercado secundario, español ou estranxeiro, a súa base de cálculo virá dada polo seu valor nominal ou polo de reembolso, o que resulte máis propio do tipo de valor ou instrumento financeiro de que se trate, salvo que se declarase ou conste outro valor máis significativo para efectos do seu depósito ou rexistro.

3. As achegas anuais das entidades adscritas irán destinadas a cubri-las necesidades derivadas das funcións atribuídas ós fondos e ingresaranse na conta que designe a comisión xestora correspondente, a partir da data de peche de cada exercicio, nun ou máis desembolsos, á vista das necesidades do fondo e nos prazos que fixe a comisión xestora correspondente.

4. Cando o patrimonio dun fondo alcance unha contía suficiente para o cumprimento dos seus fins, o ministro de Economía, por proposta do Banco de España, poderá acorda-la diminución das achegas mencionadas no número 1 deste artigo. En todo caso, esas achegas suspenderanse cando o fondo patrimonial non comprometido en operacións propias do obxecto dos fondos iguale ou supere o 1 por 100 da base de cálculo das achegas previstas no número 1 precedente, o que será comunicado pola comisión xestora na forma que esta estableza.

5. Cando o patrimonio dos fondos alcance valores negativos, a comisión xestora poderá acorda-la realización de derramas entre as entidades adscritas, que se distribuirán segundo a base de cálculo das achegas, prevista no número 1 precedente, e cun importe total que non poderá exceder da contía necesaria para eliminar aquel déficit.

6. Excepcionalmente, e para o efecto de salvagarda-la estabilidade do conxunto das entidades adscritas a el, un fondo poderá nutrirse con achegas do Banco de España, nunha contía que se fixará por lei.

7. O patrimonio non comprometido dos fondos deberá estar materializado en débeda pública ou noutros activos de elevada liquidez e baixo risco.»

#### Artigo 26.

O artigo 4, definición dos depósitos garantidos, do Real decreto 2606/1996, queda como segue:

«Artigo 4. *Delimitación da garantía.*

1. Para tódolos efectos deste real decreto, terán a consideración de depósitos garantidos os saldos acredores mantidos en conta, incluídos os fondos procedentes de situacións transitorias por operacións de tráfico e os certificados de depósito nominativos que a entidade teña obriga de restituír nas condicións legais e contractuais aplicables, calquera que sexa a moeda en que estean nominados e sempre que estean constituídos en España ou noutro estado membro da Unión Europea.

Entre os fondos procedentes de situacións transitorias, a que se refire o parágrafo precedente, incluíranse, en todo caso, os recursos de diñeiro que se lle confíase á entidade para a realización dalgún servizo de investimento, de acordo coa Lei 24/1988, ou que proveñan da prestación dos devanditos servizos ou actividades.

2. Para efectos do presente real decreto, terán a consideración de valores garantidos os valores negociables e instrumentos financeiros previstos no artigo 2 da Lei do mercado de valores, que fosen confiados á entidade de crédito en España ou en calquera outro país, para o seu depósito ou rexistro ou para a realización dalgún servizo de investimento. Dentro dos valores garantidos incluíranse, en todo caso, os que fosen obxecto de cesión temporal e sigan anotados ou rexistrados na entidade cedente.

Non gozarán de garantía os valores e instrumentos financeiros confiados á entidade de crédito para realizar servizos de investimento e actividades complementarias en territorios definidos como paraísos fiscais pola lexislación vixente ou nun país ou territorio que careza de órgano supervisor dos mercados de valores, ou cando, existindo, se negue a intercambiar información coa Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Os países ou territorios que se encontran neste último suposto serán especificados polo ministro de Economía, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Tampouco gozarán de garantía os valores e instrumentos financeiros confiados a sucursais de entidades de crédito españolas localizadas en países non comunitarios que dispoñan de sistemas nacionais de indemnización dos investidores equivalentes ós españois.

3. No concernente á garantía referida nos números anteriores para servizos de investimento ou actividades de depósito ou rexistro de valores, os fondos cubrirán a non restitución dos valores ou instrumentos pertencentes ó investidor prexudicado como consecuencia das situacións previstas no artigo 8.2 do presente real decreto. No presente suposto, en ningún caso se cubrirán perdas do valor do investimento ou calquera risco de crédito.

4. Non se considerarán depósitos garantidos para os efectos deste real decreto e, por tanto, non serán tidos en conta para o cómputo das achegas:

a) Os depósitos realizados por outras entidades de crédito por conta propia e no seu propio nome, así como os realizados polos suxeitos e as entidades financeiras seguintes:

- 1.º As sociedades e axencias de valores.
- 2.º As entidades aseguradoras.
- 3.º As sociedades de investimento mobiliario.
- 4.º As sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, así como as sociedades xestoras de fondos de pensións, dos fondos de titulación e de capital-risco e os depósitos das entidades que xestionan.
- 5.º As sociedades xestoras de carteiraas.
- 6.º As sociedades de capital risco e as súas correspondentes sociedades xestoras.
- 7.º As entidades que teñan por actividade principal a tenza de accións ou participacións.
- 8.º As entidades, calquera que sexa a súa denominación ou estatuto, que, de acordo coa normativa que lles resulte aplicable, exerzan as actividades típicas das anteriores.

9.º Calquera entidade financeira sometida a supervisión prudencial.

b) Os valores representativos de débeda emitidos pola entidade de crédito, mesmo as obrigas de pagamento e efectos negociables.

c) Os certificados de depósito ó portador, as cesións temporais de activos e os financiamentos con cláusula de subordinación.

d) Os depósitos constituídos por empresas pertencentes ó mesmo grupo económico que a entidade de crédito.

e) Os depósitos constituídos na entidade polas administracións públicas.

f) Os depósitos constituídos por quen ostente cargos de administración ou dirección na entidade que orixine a actuación do fondo segundo o establecido no artigo 1.4 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito e os seus apoderados que dispoñan de poderes xerais de representación; polas persoas que teñan unha participación significativa no capital da entidade segundo o establecido no artigo 56 da Lei 26/1988, ou unha participación en empresas do seu grupo económico segundo os criterios contidos no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores; o auditor responsable dos informes de auditoría, así como aqueles depositantes que teñan as características antes citadas nas sociedades pertencentes ó grupo da entidade de crédito e os cónxuxes e familiares en primeiro grao duns e outros.

Non se considerarán valores garantidos para os efectos do presente real decreto aqueles dos que sexan titulares as persoas mencionadas nos parágrafos a), d), e) e f) precedentes.

5. Así mesmo, e sen prexuízo de que sexan tidos en conta para o cómputo das achegas, a obriga de paga-los importes garantidos non comprenderá os constituídos:

a) Con quebrantamento das disposicións vixentes, en particular, os orixinados en operacións en relación coas cales houberse unha condena penal por delitos resultantes de operacións de branqueo de capitais.

b) Por clientes que obtivesen, a título persoal, condicións financeiras que contribuísen a agrava-la situación da entidade, sempre que tal circunstancia fose determinada por sentenza firme.

c) Aquelas persoas que actúen por conta de calquera dos depositantes excluídos en virtude do anterior e deste número, ou en concerto cos mencionados nos parágrafos a) e b) precedentes.

6. Non obstante, os prazos establecidos no artigo 9.1 deste real decreto, cando a xuízo da comisión xestora existan circunstancias que permitan presumi-la relación ou participación dalgún depositante coas causas motivadoras da obriga de indemnizar, poderá suspenderse o pago das indemnizacións correspondentes mentres non se declare xudicialmente, por instancia de parte, a inexistencia daquela relación ou participación. Os fondos disporán de igual facultade cando un depositante ou calquera outra persoa con dereito ou interese sobre un depósito fose procesado ou se dictase apertura de xuízo oral por delitos relacionados con operacións de branqueo de capitais, cando se incoase o procedemento abreviado que se regula no título III do libro IV da Lei de axuízamento criminal e ata tanto finalice o procedemento.

O establecido neste número e no precedente aplicarase, igualmente, ós titulares de valores garantidos».

## Artigo 27.

1. O artigo 5, adscrición ós fondos, número 2.b) do Real decreto 2606/1996, queda redactado como segue:

«b) As sucursais de entidades de crédito autorizadas nun país non membro da Unión Europea terán o seguinte réxime:

1.º A súa adscrición ó fondo de garantía de depósitos en establecementos bancarios será obrigatoria cando os depósitos ou valores garantidos constituídos ou confiados á sucursal non estean cubertos por un sistema de garantía no país de orixe.

2.º Deberán adscribirse ó fondo de garantía de depósitos en establecementos bancarios para cubri-la diferenza en nivel ou alcance cando a garantía do sistema do país de orixe sexa inferior á cuberta por aquel, xa sexa respecto ós depósitos, xa respecto ós valores garantidos.

3.º Non será obrigatoria a súa adscrición ó fondo de garantía de depósitos en establecementos bancarios cando os depósitos e os valores garantidos estean cubertos no país de orixe.»

2. O artigo 5.4 do Real decreto 2606/1996 queda redactado como segue:

«4. As entidades integradas nos fondos non poderán utiliza-la súa pertenza a eles na súa publicidade, se ben poderán incluír unha mención a aquela sen engadir outros datos ou informacións sobre os fondos. Así mesmo, terán nas súas oficinas, á disposición do público, información sobre as características do fondo e indicación, se é o caso, das coberturas ofrecidas por sistemas ou fondos estranxeiros. En particular, precisarán o réxime de cobertura para os supostos de depósito ou rexistro de valores noutras entidades financeiras.»

## Artigo 28.

O artigo 6, exclusión dos fondos, do Real decreto 2606/1996, queda como segue:

«1. As entidades de crédito que non realicen debidamente as súas achegas ó fondo de garantía de depósitos ó que estean adheridas, non contribúan ás derramas ou incumpran as obrigas previstas no número 4 do artigo anterior, poderán ser excluídas do fondo unha vez que, requiridas para o efecto, non regularizasen a súa situación no prazo que se lles confira, que non poderá ser inferior a un mes. Será competente para acorda-la exclusión o ministro de Economía, por proposta do Banco de España, logo de informe da comisión xestora do fondo afectado e audiencia do interesado, de conformidade co disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Cando unha sucursal dunha entidade de crédito dun país da Unión Europea non cumprise as obrigas que lle incumban como membro do fondo, este, a través do Banco de España, comunicarao á autoridade supervisora do estado de orixe da entidade, para que adopte as medidas oportunas. Se a pesar diso a entidade continuase incumprindo tales obrigas, o fondo poderalle propor á devandita autoridade a exclusión da sucursal. Obtida a autorización expresa da mencionada autoridade, o fondo notificará á sucursal a súa exclusión, que será efectiva ós doce meses da notificación.

3. Os depósitos realizados, tanto en entidades de crédito españolas como en sucursais de entidades de crédito estranxeiras, antes de que a exclusión sexa efectiva, seguirán amparados polo fondo ata o seu vencemento. No caso das contas correntes, o saldo amparado non excederá do existente na data da exclusión, menos os cargos que tivesen lugar entre a citada data e a da declaración do suposto que dea lugar ó pagamento da indemnización.

Os valores e instrumentos financeiros confiados á entidade antes de que a súa exclusión sexa efectiva deixarán de estar garantidos polo fondo transcorridos tres meses desde a data de exclusión.

A retirada da cobertura será comunicada ós depositantes a través do "Boletín Oficial del Estado" e de dous xornais de ámbito nacional.»

## Artigo 29.

O artigo 7, alcance do importe garantido, do Real decreto 2606/1996, queda do modo seguinte:

«Artigo 7. *Importes garantidos.*

1. O importe garantido dos depósitos terá como límite a contía de 20.000 euros ou, no caso de depósitos nominados noutra divisa, o seu equivalente aplicando os tipos de cambio do día en que se produza algún dos feitos citados no artigo 8.1 deste real decreto ou do día anterior hábil cando fose festivo.

O importe garantido ós investidores que lle confiasen á entidade de crédito valores ou instrumentos financeiros será independente do previsto no parágrafo precedente e alcanzará como máximo a contía de 20.000 euros.

O importe calcularase ó valor de mercado dos devanditos valores e instrumentos no día en que se produza algún dos feitos citados no artigo 8.2 deste real decreto ou ós do día anterior hábil cando fose festivo, aplicando se é o caso o tipo de cambio do día. Os importes garantidos aboaranse no seu equivalente en diñeiro.

Caso de que os valores e instrumentos non se negocien nun mercado secundario oficial, español ou estranxeiro, para determina-lo importe garantido, unha vez que se teña producido algúns dos feitos previstos no artigo 8 e unicamente para este proceso, o seu valor calcularase atendendo ós seguintes criterios:

a) Valores de renda variable: valor teórico calculado sobre o último balance auditado á entidade emisora; no caso de que non exista balance auditado ou este conteña observacións con axustes que poidan determinar un valor teórico menor do que resulte das contas, o valor de mercado determinarase pericialmente.

b) Valores de renda fixa: valor nominal máis o cupón corrido, cando o tipo de xuro sexa explícito, ou valor de reembolso actualizado ó tipo implícito de emisión, no caso de valores tipo cupón cero ou emitidos ó desconto.

c) Instrumentos financeiros: valor estimado de mercado calculado conforme os procedementos de valoración xeralmente aceptados respecto ó instrumento de que se trate.

d) Nos casos de valores ou instrumentos emitidos por empresas que se encontren en suspensión de pagos ou quebra, o valor a restituír determinarase pericialmente, podendo posporse a súa determinación ata a conclusión do procedemento concursal correspondente.

Esas garantías aplicaranse por depositante ou investidor, sexa persoa natural ou xurídica, e calquera que sexa o número e clase de depósitos de efectivo ou dos valores e instrumentos financeiros en que figure como titular na mesma entidade. O devandito límite aplicarase tamén ós depositantes ou investidores titulares de depósitos ou de valores ou instrumentos financeiros de importe superior ó máximo garantido.

2. Cando unha conta teña máis dun titular, o seu importe dividirase entre os titulares, de acordo co previsto no contrato de depósito e, no seu defecto, a partes iguais.

3. Cando os titulares dun depósito actúen como representantes ou axentes de terceiros, sempre que esta condición existira no momento da formalización á entidade antes de que se produzan as circunstancias descritas no artigo 8, a cobertura do fondo aplicarase ós terceiros beneficiarios do depósito na parte que lles corresponda.

4. O establecido nos números 2 e 3 precedentes será aplicable igualmente ós titulares de valores ou instrumentos garantidos.

5. Os depósitos existentes no momento da revogación da autorización a unha entidade adscrita a un fondo seguirán cubertos ata a extinción da entidade e a entidade seguirá obrigada a realiza-las achegas legalmente esixibles. No caso das contas correntes, o saldo amparado será o existente na data da revogación. Os valores ou instrumentos financeiros confiados á entidade no momento da revogación deixarán de estar cubertos polo fondo transcorridos tres meses desde a citada data."

### Artigo 30.

O artigo 8, causas para a execución da garantía, do Real decreto 2606/1996, queda do modo seguinte:

«Artigo 8. *Causas para a execución da garantía.*

1. Os fondos satisfaránlles ós seus titulares o importe garantido dos depósitos cando se produza algún dos seguintes feitos:

a) Que a entidade fose declarada en estado de quebra.

b) Que se teña xudicialmente por solicitada a declaración de suspensión de pagos da entidade.

c) Que, non encontrándose a entidade en ningunha das situacións contempladas nos anteriores parágrafos a) e b) e téndose producido impago de depósitos vencidos e esixibles, o Banco de España determine que, na súa opinión e por razóns directamente derivadas da situación financeira da entidade de que se trate, esta se encontra na imposibilidade de restituílos e non parece ter perspectivas de poder facelo nun futuro inmediato. O Banco de España, oída a comisión xestora do fondo, deberá resolver coa maior brevidade e, como máis tarde, dentro dos vinte e un días seguintes a ter comprobado por primeira vez que a entidade non logrou restituir depósitos vencidos e esixibles, tras dar audiencia á entidade interesada, de conformidade co disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen que aquela supoña interrupción do prazo sinalado.

2. Os fondos satisfaránlles ós seus titulares o importe garantido dos valores e instrumentos finan-

ceiros susceptibles de cobertura cando se produza algún dos seguintes feitos:

a) Que a entidade de crédito fose declarada en estado de quebra ou se teña xudicialmente por solicitada a declaración de suspensión de pagos da entidade e esas situacións comporten a suspensión da restitución dos valores ou instrumentos financeiros; non obstante, non procederá o pago deses importes se, dentro do prazo previsto para iniciar-lo seu desembolso, se levantase a suspensión mencionada.

b) Que o Banco de España declare que a entidade de crédito non pode, á vista dos feitos dos que tivo coñecemento o propio Banco de España e por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira, cumprilas obrigas contraídas cos investidores.

Para que o Banco de España poida realizar esta declaración será necesario que se produzan as seguintes circunstancias:

1. Que o investidor teña solicitado á entidade de crédito a devolución dos valores e instrumentos financeiros que lle confiou e non obtivese satisfacción nun prazo máximo de vinte e un días hábiles por parte daquela.

2. Que a entidade de crédito non se encontre nunha das situacións previstas nos parágrafos a) e b) do número 1 deste artigo.

3. Que se dea previa audiencia á entidade de crédito, de conformidade co disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Cando a entidade afectada fose unha sucursal dunha entidade de crédito con sede social noutro estado da Unión Europea, a declaración de incumprimento adoptarase coa colaboración da autoridade competente do devandito estado.»

### Artigo 31.

O artigo 9, o pago e os seus efectos, do Real decreto 2606/1996, queda como segue:

«Artigo 9. *O pago e os seus efectos.*

1. Os fondos deberán estar en condicións de satisfacer-las reclamacións debidamente comprobadas dentro dos tres meses seguintes á data en que o Banco de España tome algunha das determinacións a que se refiren os parágrafos c) do número 1 e b) do número 2 do artigo anterior ou a autoridade xudicial dicte algunha das decisións mencionadas nos parágrafos a) e b) do número 1 e a) do número 2 do artigo anterior e se cumpran as esixencias adicionais previstas no parágrafo a) do artigo 8.2 citado e iso sen prexuízo do establecido no número 4 do artigo 4 deste real decreto.

Cando os fondos prevexan que non poden efectuar-las pagos no prazo establecido, poderán solicitar sucesivamente ó Banco de España a concesión de ata tres prórrogas de prazos non superiores a tres meses cada unha, indicando as razóns da solicitude. O Banco de España poderá autorizalas cando aprecie que concorren motivos excepcionais que xustifiquen o atraso, tales como o elevado número de depositantes ou investidores, a existencia de contas noutros países ou a constatación de dificultades extraordinarias, técnicas ou xurídicas, para comproba-lo saldo efectivo dos depósitos ou valores garantidos ou a procedencia da indemnización.

2. O pago dos importes garantidos dos depósitos de diñeiro e valores ou instrumentos non se estenderá ós efectuados con posterioridade á data en que se producisen as causas sinaladas no artigo anterior nin ós depósitos, investimentos ou importes que se retirasen con posterioridade a esa data, sen prexuízo do establecido no artigo 7.1 deste real decreto.

3. Os fondos non poderán acollerse ós prazos a que se refiren os números anteriores para denegar-lle beneficio dunha garantía a un depositante ou investidor que non puidese facer valer a tempo o seu dereito. Os importes non satisfeitos, dentro do prazo establecido ou das súas prórrogas, quedarán nos fondos á disposición dos seus titulares, sen prexuízo da súa prescrición conforme a dereito.

4. Polo mero feito do pago dos importes garantidos, os fondos subrogaranse, por ministerio da lei, nos dereitos dos depositantes ou investidores, ata un importe equivalente ó dos pagos realizados, sendo suficiente título o documento en que conste o pago.

5. No suposto de que os valores ou outros instrumentos financeiros confiados á entidade fosen restituídos por aquela con posterioridade ó pago dun importe garantido, os fondos poderán resarcirse do importe satisfeito, total ou parcialmente, se o restituído, valorado conforme establece o artigo 7.1 no momento da restitución, fose maior que a diferenza entre o dos que foron confiados á entidade, valorados no momento en que se produciron os feitos citados no artigo 8.2, e o importe pagado ó investidor; cando o valor do restituído fose superior ó dos valores e instrumentos, calculado na data citada no artigo 8.2, o exceso distribuirase entre o fondo e o investidor a prorrata dos seus respectivos créditos.

A restitución realizarase ó fondo correspondente, quen entregará ó investidor as cantidades que correspondan de acordo co previsto no parágrafo precedente, estando o dito fondo facultado, a tal fin, para allea-los valores na contía que resulte precedente.»

## Artigo 32.

O artigo 10, outras actuacións dos fondos de garantía de depósitos, número 3 do Real decreto 2606/1996, queda como segue:

«3. Ó adoptar estas medidas, o fondo terá en conta o custo financeiro das mesmas ó seu cargo que se comparará cos desembolsos que tería que realizar de optar, no momento da adopción do plan, por realizar en lugar deste o pago dos importes garantidos previstos no artigo 7.»

## Artigo 33.

A disposición derradeira primeira, facultade de desenvolvemento, do Real decreto 2606/1996 queda redactada como segue:

«Facúltase o ministro de Economía para dicta-las normas que sexan precisas para o desenvolvemento do presente real decreto e, en particular, para actualizar, co informe previo do Banco de España, as contías de indemnización contempladas, de conformidade coa normativa vixente da Unión Europea.

Autorízase o Banco de España para desenvolver-lo procedemento de elección dos seus repre-

sentantes nas comisións xestoras dos fondos, así como as cuestións técnico-contable dos conceptos, depósitos e valores garantidos, de patrimonio neto non comprometido, e do valor de mercado dos valores garantidos.»

Disposición adicional primeira. *Achegas ós fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito.*

En canto ó disposto no artigo 3 do Real decreto 2606/1996, conforme a nova redacción dada polo artigo 25 do presente real decreto e polo que se refire ás achegas correspondentes ós valores garantidos previstas no número 2 do dito artigo 3, o ministro de Economía poderá acorda-la suspensión temporal destas achegas á vista de circunstancias efectivas de risco dos ditos valores e á contía alcanzada polo patrimonio dos fondos de garantía de depósitos.

Disposición adicional segunda. *Réxime aplicable ás sociedades xestoras de carteiras.*

As sociedades xestoras de carteiras deberán aseguralos riscos derivados da súa actuación mediante un seguro de responsabilidade civil concertado cunha entidade aseguradora habilitada legalmente para operar no ámbito de responsabilidade civil na Unión Europea, por unha suma asegurada non inferior a 1.225.000 euros. As prestacións dese seguro estarán exclusivamente destinadas a atender-los prexuízos causados ós seus clientes derivados da realización dos servizos de investimento propios da súa actividade. O presente requisito deberano cumprir no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor do presente real decreto, informando diso á CNMV, que fará constar este dato no rexistro público de empresas de servizos de investimento.

Disposición adicional terceira. *Réxime dos depositarios ou rexistradores centrais dun sistema de compensación e liquidación dun mercado secundario.*

As posicións de valores e instrumentos financeiros que figuren en conta de terceiros nalgunha sociedade ou axencia de valores que exerza as funcións de depositario ou rexistrador central dun sistema de compensación e liquidación dun mercado secundario, non deberán incluírse dentro do valor efectivo base a utilizar para o cálculo das achegas anuais a realizar polas sociedades e axencias de valores ós fondos de garantía. Esta exclusión alcanzará unicamente aquelas posicións que sexan o reflexo no referido sistema de compensación e liquidación dos saldos de valores ou instrumentos financeiros negociados nese mercado secundario que fosen depositados ou rexistrados polos investidores en sociedades, axencias de valores ou entidades de crédito membros dese mercado que estean suxeitas á obriga de contribuír ós fondos de garantía.

Disposición transitoria primeira. *Constitución da sociedade xestora.*

1. A constitución da sociedade xestora prevista no artigo 2 do presente real decreto deberá producirse no prazo de corenta e cinco días desde a entrada en vigor deste real decreto e deberá ser autorizada pola CNMV.

2. Serán socios fundadores tódalas empresas de servizos de investimento que, segundo o presente real decreto, teñen a obriga de adherirse ó fondo de garantía de investimentos.

3. Ás empresas de servizos de investimento que, tendo a obriga de seren membros do fondo de garantía de investimentos, non comparezan á sinatura do outor-

gamento da escritura de constitución da sociedade xestora, aplicaráselle-lo réxime previsto no artigo 12 do presente real decreto.

4. O capital inicial da sociedade xestora distribuirase a partes iguais entre as entidades que deban adherirse ó fondo de garantía de investimentos, sen prexuízo de que unha vez constituído o fondo as ditas participacións se adapten ós criterios establecidos no artigo 17 do presente real decreto.

**Disposición transitoria segunda.** *Actuacións anteriores á constitución das sociedades xestoras.*

A CNMV poderá requirir das empresas de servizos de investimento as actuacións precisas para unha rápida e eficaz constitución da sociedade xestora a que se refire o artigo 2 do presente real decreto.

**Disposición transitoria terceira.** *Constitución do fondo de garantía de investimentos.*

1. No prazo máximo dun mes desde a data de aprobación do seu primeiro orzamento por parte da CNMV, a sociedade xestora procederá á constitución do fondo. Desde ese mesmo momento a sociedade xestora asumirá as tarefas de representación e xestión do fondo.

2. A sociedade xestora deberá elaborar un orzamento para o primeiro exercicio de funcionamento do fondo, que deberá aprobar no prazo de quince días a partir da data do outorgamento da escritura de constitución da sociedade xestora. O devandito orzamento seralle de aplicación o disposto no artigo 8 do presente real decreto, coas adaptacións oportunas.

**Disposición derradeira primeira.** *Habilitación competencial.*

O presente real decreto ten carácter básico e dítase ó amparo da competencia exclusiva do Estado atribuída polo artigo 149.1.11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución española.

**Disposición derradeira segunda.** *Habilitacións normativas ó ministro de Economía.*

1. Á vista da experiencia habida no proceso de constitución e desenvolvemento posterior dos fondos de garantía de investimentos, o ministro de Economía poderá, logo de informe da CNMV, actualiza-las porcentaxes consignadas nos números 1 e 2 do artigo 8 deste real decreto, así como os criterios de distribución das achegas anuais entre as entidades adheridas ós fondos reflectidos no número 5 dese mesmo artigo.

2. O ministro de Economía ou, se é o caso, coa súa habilitación expresa, o Banco de España e a CNMV, dictarán as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento deste real decreto, en particular no que concirne ó réxime de investimentos e de financiamento dos fondos de garantía de investimentos e á información que se debe proporcionar ós investidores, tanto sobre a cobertura de que gozan os investidores como sobre supostos concretos en que se producisen as circunstancias que dean lugar á execución da garantía que prestan tales fondos.

**Disposición derradeira terceira.** *Habilitacións normativas á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ó Banco de España.*

Habilítase a CNMV e o Banco de España para que mediante circular determinen os criterios de valoración a aplicar ós distintos tipos dos valores e instrumentos

financeiros non cotizados a integrar na base de cálculo das achegas anuais ós fondos no marco do previsto, respectivamente, no número 6 do artigo 8 deste real decreto e no número 1 do artigo 3 do Real decreto 2606/1996, na nova redacción dada polo artigo 25 deste real decreto.

**Disposición derradeira cuarta.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo do previsto na disposición derradeira primeira, número 2, da Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, polo que a cobertura dos fondos de garantía de investidores se retrotrae ó 1 de xullo de 1993.

Dado en Palma de Mallorca o 3 de agosto de 2001.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
para Asuntos Económicos  
e ministro de Economía,  
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

## XEFATURA DO ESTADO

**15548** *CORRECCIÓN de erratas da Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2001.* («BOE» 189, do 8-8-2001.)

Advertidas erratas no texto da Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2001, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 2 en lingua galega, do 25 de xaneiro de 2001, procédese a efectua-las oportunas correccións:

Na páxina 149, segunda columna, artigo 39, número catro, sétima liña, onde di: «... (426,35 euros)...», debe dicir: «... (4.426,35 euros)...».

Na páxina 150, segunda columna, artigo 42, número tres, primeira liña, onde di: «...deste título l...», debe dicir: «... deste título...».

Na páxina 152, segunda columna, artigo 45, número tres, cadro de «Complementos para mínimos», «Pensión de xubilación ou retiro sen cónxuxe a cargo», onde di: «874.270 pesetas/ano», debe dicir: «874.370 pesetas/ano».

Na páxina 160, segunda columna, artigo 66, número 1.5.1, «Servicio móbil aeronáutico», no coeficiente C<sub>5</sub>, do Código de modalidade 1512, onde di: «0,85», debe dicir: «0,1».

Na páxina 172, primeira columna, artigo 81, explicación da variable IEirpf, (1996), 12.<sup>a</sup> liña, onde di: «... respecto ó do ano 2000...», debe dicir: «... respecto ó do ano 2001...».

Na páxina 181, primeira columna, disposición adicional vixésima.Un. «Actividades e programas prioritarios de mecenado e outros incentivos de interese xeral», onde di: «... no anexo 7 da dita lei...», debe dicir: «... no anexo VII da dita lei...». Pola súa vez, no mesmo punto débese substituí-la referencia á «Muralla Románica», por «Muralla Romana».